

A operación que está cofinanciada polo Fondo Social Europeo corresponde á Subliñas 2 da Liña III **“Conciliación en empresas.2019”**,

Codigo da operación: 1643-0842-119-04

Esta operación figura expresamente incluída no Programa Operativo do FSE de Galicia para o período 2014-2020, no marco dos seguintes obxectivos: Obxectivo Temático 8: “Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral”, Prioridade de investimento 8.4: “a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluídos o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación na vida laboral e a vida privada e a promoción de igual remuneración por igual traballo”, Obxectivo específico 8.4.2:“(Re) integrar e manter no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral”. Así mesmo, está encadrada nos Criterios de Selección de Operacións aprobados polo Comité de Seguimento do P.O. FSE Galicia 2014-2020 con data 16 de febreiro de 2016.

A operación consiste na promoción da conciliación da vida laboral e familiar a través de incentivos ás pemes, micropemes e persoas autónomas con traballadores por conta allea, que permitan flexibilizar o tempo destinado ao traballo, mellorando así o clima laboral.

A contribución á execución do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020 se especifica nos seguintes indicadores:

- 1) N.º indicadores de produtividade EO32- Empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e de conciliación da vida familiar e laboral.
- 2) N.º indicadores de produtividade EO12- n.º de participantes que reciben actuacións destinadas á mellora da súa situación no ámbito laboral.

A esta operación seralle de aplicación o Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento e do Consello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se deroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, así como o Regulamento (UE) n.º 1304/2013 do Parlamento e do Consello de 17 de decembro de 2013 relativo ao Fondo Social Europeo, onde se establecen, entre outros, requisitos en materia de igualdade de oportunidades, medio ambiente e innovación social.

Así mesmo, esta operación implica o cumprimento das esixencias de información e publicidade reguladas no Anexo XII do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.